

XEOGRAFÍA

Directrices e Orientacións

No documento que se presenta a continuación quedan reflectidas as directrices e orientacións asumidas polo Grupo de Traballo de Xeografía para o ano 2011.

1. Marco lexislativo

A lexislación correspondente (*Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 23 de xuño de 2008*) establece o currículo de Xeografía de 2º de bacharelato, de onde se desprenden a) os OBXECTIVOS que debe alcanzar o ensino da Xeografía e b) os CONTIDOS; polo tanto, qué debe ensinarse e qué debe aprender e coñecer o alumno.

Tendo como marco de referencia a lexislación vixente que regula as probas e as condicións de acceso aos ensinos de grao, e os procedementos de admisión ás universidades do Sistema Universitario de Galicia, non debe esquecerse que o modelo de exame condiciona o ensino da materia; por iso entendemos que deban terse presente os obxectivos do ensino da Xeografía ao elaborarmos os modelos de exame, e con esa meta traballaremos cara ás próximas convocatorias.

2. Desenvolvemento do currículo

De acordo co establecido na normativa vixente, a materia de Xeografía estrutura os contidos en seis bloques: o primeiro é de contidos comúns e abrangue as destrezas e procedementos propios da Xeografía, e os cinco restantes corresponden a contidos específicos.

Natureza e medio ambiente en España

Os coñecementos básicos que o alumnado ha de ter no que respecta a este bloque son os relativos á diversidade da natureza en España así como ás paisaxes naturais resultantes de devandita diversidade, e as repercusións ambientais consecuencia das actuacións humanas, o que supón comprender a relación dos diferentes factores. O alumnado ha de coñecer a evolución xeolóxica e as consecuencias deste proceso, tales como as variedades litolóxicas, as formas do relevo ou as grandes unidades morfoestruturais, entre outras. Debe coñecer, así mesmo, os factores de todo tipo que explican os dominios climáticos de España, do mesmo xeito que a diversidade das cuncas hidrográficas e dos réximes fluviais, relacionándoos cos elementos do relevo e cos trazos climáticos. No referente á diversidade hídrica é necesario coñecer o relativo ás políticas das augas. A diversidade bioxeográfica é outro dos contidos deste bloque, e deberase facer fincapé nos factores de diversidade, nos tipos de paisaxes vexetais resultantes e na composición e valoración do solo. Como síntese do anterior, o alumnado debe saber interpretar as paisaxes, así como ter coñecementos sobre as consecuencias da acción humana sobre o medio ambiente e as respostas e solucións para a sustentabilidade ambiental. Ha de coñecer as figuras de protección ambiental e o patrimonio natural de España, particularizando o relativo a Galicia.

Territorio e actividades económicas

Neste bloque trátase de que o alumnado coñeza a estrutura económica de España e saiba relacionala cos factores ambientais, sociais, históricos ou políticos explicativos desta. Así mesmo, debe saber interpretar as paisaxes resultantes da actividade económica (agrarios, industriais, de servizos, turísticos etc.). Hanse de coñecer os cambios e permanencias no sector primario, tendo en conta as transformacións recentes na actividade agraria, na gandería, a pesca e a explotación forestal, e a súa relación coas políticas da Unión Europea, así como as diferentes paisaxes agrarias españolas froito destes procesos. Así mesmo son fundamentais os coñecementos relativos á pesca e aos espazos pesqueiros. En canto ao sector industrial, deberán coñecerse procesos e factores da industrialización española, os contrastes no tecido

industrial e a situación actual da industria, así como o relativo ao sector enerxético, coa diversidade de fontes de enerxía. A terciarización da economía española é outro dos procesos que debe coñecerse, incidindo en aspectos tales como o dos espazos de consumo, a organización espacial dos servizos financeiros, os transportes e as comunicacións e o seu papel na vertebración territorial, e os espazos turísticos (proceso de desenvolvemento, paisaxes, impactos e políticas de ordenación). En todos os casos, teranse en conta os impactos ambientais xerados pola actividade económica. Particularizarase no territorio galego, sobre todo naqueles aspectos que teñan unha maior incidencia.

Poboación e urbanización

En relación a este bloque de coñecemento o alumnado deberá coñecer os principais trazos da poboación de España e os cambios recentes canto a dinámica, estrutura ou distribución. Polo tanto ha de saber analizar e interpretar a dinámica demográfica, o movemento natural e a mobilidade espacial da poboación facendo fincapé nos cambios recentes en España relativos á emigración e inmigración; así mesmo hase de saber analizar e interpretar a estrutura demográfica en relación ao sexo, á idade e á actividade económica. Por outra banda hase de coñecer o proceso de urbanización en España, o fenómeno urbano, incidindo nos distintos tipos de cidades ao longo deste, nas transformacións na morfoloxía das cidades e no impacto ambiental da urbanización. Particularizarase en Galicia, sobre todo nos aspectos cunha maior singularidade no devandito territorio, tanto na dinámica demográfica como no sistema de poboamento e na rede e xerarquía urbanas.

A organización político-administrativa española, contrastes e políticas rexionais

No referente a este bloque trátase de que o alumnado coñeza o proceso histórico da organización territorial do Estado español, e o actual sistema das comunidades autónomas; os contrastes e desequilibrios territoriais e as políticas rexionais. Incidirase

nas particularidades de Galicia canto á súa ordenación territorial así como na súa posición no territorio español e a incidencia das políticas rexionais.

España en Europa e no Mundo

Neste bloque trátase de que o alumnado coñeza o concepto de globalización mundial, o significado da Unión Europea e a posición e o papel de España no mundo globalizado, en xeral, e na Unión Europea en particular. Hase de incidir nos seguintes contidos: en primeiro lugar, nos procesos de mundialización, nas desigualdades territoriais e no novo escenario xeopolítico; en segundo lugar, na posición de España no espazo mundial, e particularmente na de Galicia; en terceiro lugar, na Unión Europea: natureza e contrastes físicos, proceso de construción, estrutura e políticas comunitarias; e en cuarto, na situación de España na UE, incidencia da aplicación das políticas comunitarias, e o caso concreto de Galicia.

O bloque de contidos comúns é un tema transversal que fai referencia ás destrezas e habilidades que ha de ter o alumnado na súa preparación xeográfica e que cabe resumir nas seguintes: identificar e explicar a localización e distribución dos fenómenos xeográficos e as súas implicacións; coñecer as fontes de información propias da xeografía; ler e interpretar mapas e planos; analizar e interpretar as paisaxes resultantes da relación de diferentes variables; ou coñecer e utilizar a linguaxe xeográfica. En función destas esixencias establecemos os materiais que o alumnado ha de saber traballar, estruturándoos por bloques de coñecemento.

Natureza e medio ambiente en España

Ler, analizar e interpretar perfís, mapas temáticos do relevo, da litoloxía, de solos, climáticos, de formacións vexetais, de concas e vertentes hidrográficas.

Analizar mapas sinópticos de superficie, identificando os centros de acción e as fronteiras, e facendo un comentario do tipo de tempo.

Comentar climogramas analizando os réximes térmicos e pluviométricos e, en función destes, o dominio climático representado.

Analizar e comentar gráficos de réximes fluviais para relacionar as variacións estacionais co sistema de alimentación da conca.

Territorio e actividades económicas

Ler, describir e explicar mapas temáticos de distribución de usos do solo, de variables socioeconómicas, de localización de actividades ou de fluxos.

Analizar datos a partir da información presentada en táboas estatísticas ou en gráficos, para explicar a evolución, a situación das distintas actividades económicas e as consecuencias territoriais.

Comentar textos relacionados con cuestións actuais relativas aos sectores produtivos, aos cambios recentes e aos seus impactos sobre o territorio, e comentar paisaxes das actividades económicas no territorio.

Poboación e urbanización

Gráficos lineais que representen a evolución da poboación, do movemento natural e doutros aspectos demográficos.

Pirámides de poboación para analizar a estrutura demográfica, os factores que explican a devandita estrutura e as consecuencias que poidan derivarse.

Mapas temáticos onde se reflicta a situación das diferentes variables demográficas; trátase de ler, interpretar e comentar a distribución da variable cartografada, os factores explicativos, os contrastes e as consecuencias.

Mapas de fluxos sobre mobilidade humana.

Planos urbanos, para comentar aspectos tales como o proceso urbanizador en España ou a estrutura das cidades.

Mapas de nodos e redes para comentar o sistema urbano, as relacións interurbanas e as xerarquías urbanas.

A organización político-administrativa española, contrastes e políticas rexionais.

Mapas históricos de España que reflectan os cambios na división político-organizativa.

Mapas coas diferentes divisións político-administrativas.

Mapas temáticos a escala de comunidade autónoma onde se reflectan a diversidade territorial en función de variables económicas, sociais ou ambientais.

Gráficos e táboas de datos estatísticos que reflectan a diversidade territorial socioeconómica ou ambiental e as transformacións, e sobre a mundialización e os desequilibrios.

España en Europa e no Mundo

Mapas físicos de Europa para que se analicen e comenten os aspectos relativos á diversidade xeográfica do continente e se contextualice España.

Mapas que reflectan o proceso de construción da Unión Europea.

Mapas temáticos que reflectan a diversidade territorial da UE.

Gráficos e táboas de datos estatísticos que reflectan a diversidade territorial socioeconómica ou ambiental, e as transformacións.

3. As probas de acceso

3.1. Estrutura

Tal como sinalamos con anterioridade, mantense a estrutura da proba de acceso das convocatorias do curso 2009-10. Por conseguinte, as partes desta son as seguintes:

Primeira pregunta: definir cinco conceptos xeográficos básicos relacionados cos bloques de coñecemento. Trátase de que o alumnado saiba usar axeitadamente a terminoloxía xeográfica.

Segunda pregunta: localizar e relacionar os elementos xeográficos que se propoñan no documento de referencia.

Terceira pregunta: desenvolver unha pregunta teórica referida aos temas principais dos bloques de coñecemento. Nesta pregunta inclúiranse orientacións para o seu desenvolvemento.

Cuarta pregunta: desenvolver unha pregunta práctica consistente na lectura, interpretación, explicación e análise crítica dun documento gráfico relacionado coas destrezas e habilidades xeográficas fundamentais, e que se recollen no apartado anterior, estruturado por bloques de coñecemento.

3.2. Valoración da proba

A PRIMEIRA PREGUNTA terá unha **puntuación máxima de 2 puntos** (0,40 por concepto definido correctamente). A resposta ha de ser breve, concreta e precisa (que corresponda ao concepto). Valorarase a utilización de termos con significado xeográfico.

A SEGUNDA PREGUNTA terá unha **puntuación máxima de 2 puntos**. Valorarase a correcta localización e relación dos elementos xeográficos solicitados.

A TERCEIRA PREGUNTA terá unha **puntuación máxima de 3 puntos**. Hase de responder ás cuestións seguindo as orientacións propostas; valorarase a organización dos contidos nunha secuencia expositiva, o nivel explicativo do seu desenvolvemento e a capacidade de establecer relacións comparativas, ademais do uso do vocabulario xeográfico.

A CUARTA PREGUNTA terá unha **puntuación máxima de 3 puntos**. Requírese a correcta comprensión e interpretación do documento (superando a mera descrición elemental), e sempre que sexa posible a explicación das causas dos

fenómenos representados e as posibles consecuencias derivadas. Especificanse os puntos básicos aos que debe atender a resposta:

- De carácter xeral. Tipoloxía da imaxe: sistema de representación, información contida e estrutura (tipo de datos, escala); ámbito territorial, secuencia temporal e significado respecto ao fenómeno tratado (por ex. no caso dun gráfico de variacións de taxas de actividade, se o período temporal constitúe unha ou varias etapas significativas).
- Comentario (análise e explicación) dos acontecementos reflectidos (por ex. no caso dun diagrama climático, réxime de precipitacións e temperaturas) aludindo aos aspectos relacionados (no caso anterior, situacións atmosféricas e formacións vexetais asociadas).
- Comparación dos resultados comentados con aspectos ou feitos similares noutros ámbitos territoriais ou durante outros períodos que axuden á comprensión e explicación do fenómeno (por ex. nun gráfico de inmigración, correntes *inmigratorias comparables noutros períodos ou noutros ámbitos territoriais).
- Achega crítica, se é posible, sobre algún aspecto derivado da interpretación do fenómeno no contexto mundial actual.

4. Relación de conceptos

Acuicultura	Plan Xeral de Ordenación Municipal	Sotavento
Acuífero	Enerxías Alternativas	Poboación Activa
Albufeira	Ensanche	Política Agraria Común (PAC)
Anticiclón	Erosión	Pregamento
Área Periurbana	Especie Xerófila	Produto Interior Bruto
Aridez	Esperanza de Vida	Provincia
Atmosfera	Esteiro	Rambla
Balanza de Pagamentos	Estiaxe	Reciclaxe
Barlovento	Estrato Sedimentario	Reconversión Industrial
Biosfera	Explotación Intensiva	Réxime de Tenencia
Borrasca	Falla	Réxime Demográfico

Campiña	Fonte de Enerxía	Réxime Fluvial
Caudal	Fosa Tectónica	Rexión
Censo de Poboación	Fronte	Rexión Pesqueira
Chuvia Aceda	Glaciar	Ría
Cidade Dormitorio	Globalización	Saldo Migratorio
Clima	Hidrosfera	Secaño
Cliserie	I+D	Sedimentación
Comunidade Autónoma	Industria Básica	Solaina
Concentración Parcelaria	Industria de Bens de Consumo	Solo Urbanizable
Contaminación Atmosférica	Inflación	Taxa de Fecundidade
Contaminación Industrial	Landa	Tempo
Corrente en Chorro (Jet-Stream)	Litosfera	Terciarización
Cunca Fluvial	Maquis	Terraza Fluvial
Déficit Comercial	Meseta	Tómbolo
Deforestación	Microclima	Transgresión Mariña
Delta	Minifundio	Transición Demográfica
Desertización	Municipio	UE (Unión Europea)
Devesa	Oroxenia	Vexetación Clímax
Economía Somerxida	Parroquia	Xerarquía Urbana
Edafoxénese	Penichaira	Zócolo
Efecto invernadoiro	Placa Tectónica	

5. Modelo de exame

XEOGRAFÍA

1.- Defina brevemente e con precisión os seguintes termos: erosión, réxime fluvial, landa, produto interior bruto, poboación activa. (Puntuación máxima de 2 puntos).

2.- Atendendo ao mapa, conteste as seguintes cuestión (puntuación máxima de 2 puntos):

a) cite as tres comunidades autónomas con maior produción de enerxía eólica.

b) indique as razóns xeográficas e económicas do aproveitamento desta fonte de enerxía en España.




FONTE. http://www.ign.es/espmap/mapas_industria_bach/Industria_Mapa_05.htm

3.- Desenvolva a cuestión: **Os problemas das cidades españolas** (puntuación máxima 3 puntos)

Orientación para o desenvolvemento:

- a) Problemas derivados da aglomeración e da difusión da urbanización
- b) A contaminación atmosférica e o clima urbano
- c) Os residuos urbanos

4.-Comente a seguinte figura (puntuación máxima 3 puntos):



Altitude, 454
m

	X	F	M	A	MAI	XÑ	XL	AG	S	O	N	D	Media/pp total
°C	6	6,7	9,3	11	13	16,2	18,1	18,7	16,8	13,1	8,9	6,2	12
mm	153	122	107	82	93	55	28	33	46	85	135	122	1.061

<http://www.aularagon.org/files/espa/atlas/Climogramas.xls>

Orientacións para o comentario:

- Comente o réxime de precipitacións e a distribución das temperaturas.
- Identifique e localice xeograficamente o clima. Explique os factores atmosféricos e xeográficos que inflúen nel.
- Sinale a influencia deste clima no medio.

6. Recursos

Neste apartado recollemos tanto materiais bibliográficos como recursos na rede, que, sen pretender a exhaustividade, axuden tanto a profesores como a

alumnos. Na bibliografía non incluimos os manuais de Xeografía de 2º de Bacharelato porque supomos que son coñecidos e utilizados de forma xeral.

Bibliografía

BIELZA DE ORY, V. (dir.) (1989): Territorio y Sociedad en España. Madrid, Taurus (2 vols.).

BOSQUE CANDEL, R. (2005): Síntesis de Geografía de España. Madrid, Globo.

COLECCIÓN “GEOGRAFÍA DE ESPAÑA”. Madrid, Síntesis, 1988 -1990 (18 tomos).

FRANCO ALIAGA, T. (2010): Geografía de España (Física Humana y Económica). Madrid, Proyectos Córydon.

FRANCO ALIAGA, T. (2004): Atlas Temático de España. Madrid, Proyectos Córydon

FRANCO ALIAGA, T. y LÓPEZ-DAVALILLO LARREA, J. (2006): Guía Práctica de Geografía de España.

GIL OLCINA, A. e GÓMEZ MENDOZA, J. (cord.) (2000): Geografía de España. Barcelona, Ariel.

GÓMEZ BENITO, C. e GONZÁLEZ, J.J. (2002): Agricultura y sociedad en el cambio de siglo. Barcelona, McGraw Hill.

GONZÁLEZ, J. J. y REQUENA, M.(eds) (2006): Tres décadas de cambio social en España. Madrid, Alianza Editorial.

GRAN ATLAS DE ESPAÑA (1989). Barcelona, Planeta (7 tomos).

GRUPO ADUAR (2000): Diccionario de Geografía Urbana. Barcelona, Ariel.

M.A.PA. (2004): Atlas de la España Rural.

MARTÍN VIDE, J. (1984): Interpretación de los mapas del tiempo. Ketres, Barcelona.

MARTÍN VIDE, J. (2005): Los mapas del tiempo. Davinci, Mataró.

MATA OLMO, R. e SANZ HERRÁIZ, C. (crds.) (2003): Atlas de los paisajes de

España. Madrid, Ministerio de Fomento.

MÉNDEZ, R. e MOLINERO, F. (1993): Geografía de España. Barcelona, Ariel.

PAZO LABRADOR, A.J. (2007): Nocións básicas de Xeografía Xeral Física para Mestres. As consecuencias xeográficas dos procesos naturais. Vigo, Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

SERRANO MARTÍNEZ, J.M. (2003): España en el nuevo milenio: realidad territorial y retos pendientes. Murcia, Universidad de Murcia.

SOTELO NAVALPOTRO, J.A. e GARCÍA ALVARADO, J.M. (1999): La España de las Autonomías. Madrid, Síntesis.

TERÁN, M. de e outros (1994): Geografía General de España. Barcelona, Ariel.

VILÁ VALENTÍ, J. (1983): La Península Ibérica. Barcelona, Ariel.

ZÁRATE MARTÍN, M. A. e RUBIO BENITO, M^a T. (2009): Geografía Humana. Sociedad, Economía y Territorio. Editorial Universitaria Ramón Areces, Madrid.

ZÁRATE MARTÍN, M. A. e RUBIO BENITO, M^a T. (2006): Glosario prácticas de Geografía Humana. Centro de estudios Ramón Areces, Madrid.

Sobre Galicia:

ALDREY VÁZQUEZ, J.A. e LOIS GONZÁLEZ, R.C. (2010). Breve xeografía de Galicia. Ed. A Nosa Terra.

ATLAS DE GALICIA (1982). Sada, Sálvora, dous tomos.

ATLAS DE GALICIA (1994). Vigo, Nigra.

DICCIONARIO GALEGO DE XEOGRAFÍA (1993). Santiago, Xunta de Galicia.

PÉREZ ALBERTI, A. (1986): A Xeografía. Vigo, Galaxia.

PRECEDO, A. e SANCHO, J. (2001): Atlas de Galicia. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

PROYECTO GALICIA. GEOGRAFÍA. A Coruña, Hércules de Ediciones, S.A. (varias datas, varios tomos).

SOUTO GONZÁLEZ, X.M. (1988): Xeografía Humana. Vigo, Galaxia.

TORRES LUNA, M.P. de, PAZO LABRADOR, A.J. e SANTOS SOLLA, J.M. (1990): Galicia, rexión de contrastes xeográficos. Santiago, Universidade.

4.2 Recursos en internet

Artigo da Revista *Ar@cne onde se recollen algúns recursos en Internet para o ensino da Xeografía: <http://www.ub.es/geocrit/aracne/aracne-118.htm>

Contraclave (apartado de Geografía, J. Valera Bernal), Revista dixital educativa: www.contraclave.org

Na páxina da Asociación de Geógrafos Españoles, no tema Ensino Secundario hai tres apartados: España a través dos mapas (en colaboración co *IGN), Recursos didácticos e Seminarios (materiais dos Seminarios de Xeografía para a educación secundaria): <http://age.ieg.csic.es/>

Dicionario:

<http://geopress.educa.aragon.es/Diccionario/Diccnavegartem.htm#Geografiaurbana>

Materiais didácticos de 2º de Bacharelato:

<http://www.uchbud.es/geografia.html>

Outros recursos:

<http://s335272561.mialojamiento.es/CD/index.html>

<http://geopress.educa.aragon.es/WebgeoNEW/indexlibro.htm>

Instituto Xeográfico Nacional (IGN):

<http://www.ign.es>

Cartografía didáctica (do IGN):

<http://www.cnig.es/CARDID/index.html>

ITE (Instituto de Tecnoloxías Educativas) Ministerio de Educación

<http://ntic.educacion.es/v5/web/profesores/bachillerato/geografia/>

Nesta dirección poden atoparse, entre outros, os seguintes recursos:

- Proxecto Sextante. Xeografía para Bacharelato (Programa Internet no Aula), de Marta Bonet (coord.)
- Kairos, de varios autores (Convenio Internet no Aula)
- Viaxe ao centro de Madrid, de Agustín Carracedo Santos
- Urbanita 2000: Coñece as cidades desde o aire, de J.A. Padilla e I. González-Cutre
- Aula virtual da cidade de Madrid
- A paisaxe urbana, de C. Fernández e P.Pine

O dicionario visual de Xeografía Física de educarex:

<http://contenidos.educarex.es/mci/2004/35/Diccionario/diccionariovisua.html>

Datos socioeconómicos das Comunidades Autónomas:

http://www.mpt.es/areas/politica_autonomica/info_ecofin/2anaeco/indicador_por/indicadores.html

Instituto Nacional de Estadística:

<http://www.ine.es>

Instituto Galego de Estatística:

<http://www.ige.eu/>

O portal da Unión Europea:

http://europa.eu/index_es.htm

A ONU

<http://www.un.org/Pubs/CyberSchoolBus/spanish/index.asp>

Mapas interactivos:

<http://www.xtec.cat/~ealonso/flash/mapasflash.htm>

Neste enderezo accédese directamente ás presentacións do Profesor Isaac

Buzo: <http://www.slideshare.net/isaacbuzo/presentations>

Poboación de España: datos e mapas. Proxecto Audes:

<http://alarcos.inf-cr.uclm.es/per/fruiz/pobesp/index.htm>

Pirámides de poboación:

<http://www.imersomayores.csic.es/estadisticas/indicadores/otrosindicadores/padron/padron-2004.html>

Elaboración pirámides de poboación:

<http://www.scribd.com/doc/4295923/Como-hacer-una-piramide-de-poblacion-con-microsoft-excel>

Movimentos migratorios:

<http://sauce.pntic.mec.es/jotero/Emigra1/emigra1pr.htm>

Observatorio Permanente da Inmigración:

<http://extranjeros.mtas.es/es/ObservatorioPermanenteInmigracion/>

España: poboación e economía:

<http://www.librosvivos.net/smtc/homeTC.asp?TemaClave=1085>

Gráficos de poboación:

<http://www.ite.educacion.es/w3/recursos/secundaria/sociales/geografia/index.html>

Atlas dixital das áreas urbanas:

<http://atlas.vivienda.es>

Xeografía Física: presentacións de Sergi Sanchiz Torres:

<http://www.slideshare.net/sergisanchiz/slideshows>

Rede de parques nacionais:

http://reddeparquesnacionales.mma.es/parques/picos/guia_home.htm

Agencia Estatal de Meteorología:

<http://www.aemet.es/es/portada>

O clima: ClimaTIC:

http://concurso.cnice.mec.es/cnice2006/material093/001_atm.html

Climas de España:

<http://w3.cnice.mec.es/eos/MaterialesEducativos/primaria/conocimiento/climas/index.htm>

Sobre meteoroloxía e temas de climatoloxía: blog de José Miguel Viñas:

www.divulgameteo.es

Sobre clima:

<http://climantica.org/>

Actividades económicas:

<http://geopress.educa.aragon.es/WebgeoNEW/indexlibro.htm>

Páxina da Asociación Española de Centros Comerciales:

<http://www.aedecc.com/>

Revista *Eroski Consumer*

<http://www.consumer.es/web/es/educacion/escolar/2010/04/30/192756.php>